# O QUE EU CREO (DE TODO)
## REFLEXIÓNS INMORAIS DE XAVIER PIÑEIRO TRABA

Texto de JORDI SIERRA I FABRA

Tradución de CARLOS ACEVEDO

Ilustración de cuberta de ADRIÀ FRUITÓS

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 128 páx. 12 €.

**O que eu creo (de todo)** (galego)
ISBN 978-84-16721-30-6. Narrativa K. Faktoría K.

**Lo que yo pienso (de todo)** (castelán)
ISBN 978-84-16721-31-3. Narrativa K. Faktoría K.

**El que penso (sobre tot)** (catalán)
ISBN 978-84-16804-55-9. Narrativa K. Faktoría K.

*UN (OLA)*

*Non son escritor.*

*Pero escribo.*

*Porque todos sabemos escribir.*

*E se lle contas o que che pasa a un papel...*

*Se es capaz...*

*Non vas ter necesidade ningunha de ires a un louqueiro.*

*Por iso eu escribo isto.*

*Porque podo.*

*Necesítoo.*

*Sinto que me libera*

*Iso si: xa veremos como remata.*

*Porque comezar, xa comecei.*

*Pero de aí a saber como vai rematar...*

*Bah, paso.*

*Tamén a xente casa sen saber se acerta ou se a caga.*

*Vistes? Xa levo feitas quince liñas, e con esta dezaseis.*

*E alá vai a dezasete.*

*A dezaoito.*

*A dezanove...*

Xavier non se conforma.

Por iso pensa, por iso soña.

E por iso escribe este libro.

Con frases propias ou alleas.

É un apaixonado das letras.

E con cada palabra a súa imaxinación voa.

A pesar da cidade na que vive.

Das rifas dos seus pais.

Das parvadas da súa irmá.

Dos amores e desamores.

Ou dos matóns do colexio.

Porque o importante é sentirse vivo.

E poder compartilo con alguén.

Non cres?




- **Temática:** pensamentos dun adolescente.
- **Destinatarios:** lectores xuvenís.
- **Aspectos destacables:** diario, escrita automática; problemas da mocidade: familia, estudos, acoso escolar, amor, sexualidade, inadaptación; desenvolvemento da identidade, autoaceptación, autoestima, seguridade.
- **Avance do libro:** https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-que-eu-creo-de-todo-g

### Jordi Sierra i Fabra

(Barcelona, 1947)

Iniciou a súa traxectoria profesional a finais dos anos sesenta como xornalista especializado en música, participando na fundación de programas e revistas, e colaborando na prensa da época. Tras publicar novelas e obras de temática musical, nos anos oitenta centrouse na súa faceta literaria –pola que xa gañara varios premios– dirixida ao público infantil e xuvenil. En 2004 crea unha fundación que leva o seu nome para dar apoio a mozos escritores. Viaxa por todo o mundo impartindo charlas, realízanse adaptacións audiovisuais e escenográficas das súas obras, e os seus textos tradúcense a diversos idiomas. Figura na Lista de Honra IBBY, foi candidato ao Premio Hans Christian Andersen e recibiu prestixiosos recoñecementos: Creu de Sant Jordi (2018), Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes (2017), Premio Atrapallibres (2017), Premio Apel·les Mestres (2015), Premio Iberoamericano de LIX (2013), Premio Cervantes Chico (2012) ou Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil (2007).

http://sierraifabra.com

www.kalandraka.com
comunicacion@kalandraka.com